

Buenos Aires, 11 de abril de 1976.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

La Coruña

Meu querido amigo:

Non sabemos nada de vos, Fernanda, Fernando e tí. Escribín en Xaneiro dándovos noticias da nosa chegada e agradecéndo-vos as vosas atencións e non recibimos resposta. Pasaron xa algo máis de dous meses e queremos que nos digades como estades, que proxeitos tedes, etc. De aquí xa sabedes todo polas noticias dos xornaes. Botaron fora un goberno de melincentes comúns, de gansters, e de momento ^{os novos} lévase soio vinte días, respírase paz e traballo. Os que chegaron prometeron voltar pronto á normalidade. Imos ver. De momento respetan a Constitución.

Buenos Aires está como sempre, inqueda no orde cultural, moito teatro, cine, café-concerts, etc., añaéndolle os domingos os programas para os nenos, arredor de trinta, con cine, teatro e títeres para eles, enmais de concertos, dous ou tres para nenos e neste caso tamén para adolescentes co propósito de inicialos no amor á música. Hoxe é domingo por eso falo desto. Poucas cidades teñen tantos espectáculos adicados á infancia. Mais, como xa deixamos por desgracia de ser nenos e estamos fartos de traballar ao ritmo que esixe Buenos Aires, gostaríanos voltar novamente á Coruña. Este ano teño cinco exposicións de óleos, grabados, o que significa facer unhas cen obras novas, e ten de saír, casi seguro, un Bestiario do poeta Alberti Girri con grabados meus en unha edición de luxo. Todo ¿para qué?. Non teño ganas de facer exposicións, mais teño que facelas. Fago unha vida pechado na casa, no meu estudo, e ás veces vexo dende a fiestra o Río da Pláta, violeta, ou cor de lama, ou imitando a cor do mar, según lle de. Saímos pouco, casi soio a casa de amigos. Lembrámonos moito dos amigos de ahí, das reunións que con vos, Domingo, Piñeiro, etc., Para mín foi unha grande alegría a reunión derradeira na casa de Domingo con motivo do homenaxe a Del Riego. É a derradeira visión leda que lembro de Galicia neste viaxe.

Esto é todo hoxe. A tí, Dónega, prégoche ocuparte do Museo. Ten que ser unha obra de todos nos. Ponte de acordo con Isaac para tratar

de arranxar os problemas que poda ter. Non se lle pode deixar soio. Agora non é cousa dél e miña, ten de sere do Patronato. Matinade que o Museo pode ser un centro de expansión cultural extraordinario, Non temos de perder esta oportunidade.

A Pillado remitinlle un artigo encol de "Los Precursores" no seu aspecto gráfico. Non sei si o publicou. Gostoume a reedición que fixo Santiago.

Repito, esto é todo hoxe. Escribide.

Unha aperta fonda para os tres, si Fernando o permite estendédea a sua moza. Saúde: